<p>Re4.2.2 Recoñece e valora na Igrexa as diferentes figuras que son autoridade, polo servizo e a testemuña que ofrecen.</p>				<p>▫ Probas específicas *Exposición de un tema.</p>
<p>RE4.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.</p>				<p>▫ Análise da produción dos alumnos. * Investigación en Internet.</p>

<p>RE4.3.1</p> <p>Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor.</p>				<p>▫Análise da produción dos alumnos.</p> <p>*Investigación en Internet.</p>
--	--	--	--	--

12. 4.5. Concreción para 1º Bacharelato.

PRIMEIRO DE BACHARELATO					
ESTÁNDARES	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
RE1.1.1 Reflexiona sobre acontecementos mostrados nos medios de comunicación e comparte xuízos de valor sobor da necesidade de sentido.		x	x	O especificado na rúbrica RE_R 1ºBACH _CCL_EE_2	▫Proc: Análise da produción dos alumnos.

<p>RE 1.2.1 Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.</p>	<p>x</p>	<p>x</p>		<p>O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH _CCL_CE_4</p>	<p>▫Proc: Intercambio oral cos alumnos. * Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.</p>
<p>RE1.3.1 Descubre, a partir dun visionado que mostre a inxustiza, a incapacidade de lei para fundamentar a dignidade humana. Compara con textos eclesiais que fundamentan a dignidade do ser humano e o vinculan á súa condición de creatura.</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH _CCL_CE_4</p>	<p>▫ Cuestionario. * Cuestionarios.</p>

RE1.3.2 Investiga, obtén datos estadísticos e analiza sacando conclusións sobre comportamentos dos xoves, que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.				O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH_CCL_CE_4	▫Análise da produción dos alumnos. *Investigación en Internet.
RE1.4.1 Califica as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo e fai un contraste coa resposta de salvación que ofrecen as relixións.	x		x	O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH_CCL_CE_4	▫Análise da produción dos alumnos. * Investigación en Internet.
RE2.1.1 Identifica problemas sociais de finais do século XIX. Estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da Doctrina Social da Igrexa.	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH_CCL_EO_1	▫Observación sistemática. * Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.

<p>RE2.2.1</p> <p>Elabora unha definición persoal sobre os termos legal, ético e moral. Explica públicamente as diferenzas entre os conceptos coa axuda de medios audiovisuais.</p>	<p>x</p>	<p>x</p>		<p>O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH_CCL_EO_1</p>	<p>▫Análise da produción dos alumnos. * Producción oral.</p>
<p>RE2.3.1</p> <p>Comprende e define con verbas persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplica a situacións concretas estes principios, xustificando o pensamento social da Igrexa.</p>	<p>x</p>		<p>x</p>	<p>O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CO_3</p>	<p>▫Observación sistemática.</p> <p>* Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado rasgo, conduta ou secuencia de accións.</p>

<p>RE3.1.1</p> <p>Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.</p>	<p>x</p>	<p>x</p>		<p>O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH _CCL_CO_3</p>	<p>▫Análise da produción dos alumnos.</p> <p>* Xogos de simulación e dramáticos.</p>
<p>RE3.2.1</p> <p>Recoñece con asombro e esforzase por comprender a orixe divina do cosmos e distingue que non nace do caos ou do azar.</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>x</p>	<p>O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH _CAA_PA_5</p>	<p>▫Probas específicas.</p> <p>* Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos escolla, sinale ou complete con resposta alterna.</p>

RE3.2.2 Infórmase con rigor e debate respectuosamente, sobre o caso Galileo, Servet, etc. Escribe a súa opinión, xustificando razoadamente as causas e consecuencias de tales conflitos.				O especificado na rúbrica RE_R 1ºBACH _CCL_EE_2	▫ Análise da produción dos alumnos.
RE3.3.1 Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.	x		x	O especificado na rúbrica RE_R 1ºBACH _CAA_PA_5	▫ Probas específicas. * Exposición dun tema.
RE3.3.2 Analiza casos e debate, de xeito razoado, as consecuencias que se derivan dun uso da ciencia sen referencia ética.				O especificado na rúbrica RE_R 1ºBACH _CCL_EE_2	▫ Observación sistemática. * Rexistro nunha ficha.

<p>RE4.1.1</p> <p>Estudia, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástaos co carácter antropolóxico da ensinanza da Igrexa.</p>		x	x	<p>O especificado na rúbrica</p> <p>RE_R1°BACH_CSC_RD (traballo grup)_6</p>	<p>▫Probas específicas.</p> <p>* Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos escolla, sinala ou complete con termos pareados.</p>
<p>RE4.2.1</p> <p>Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde as comparte de forma crítica.</p>	x	x		<p>O especificado na rúbrica</p> <p>RE_R1°BACH_CSC_RD (traballo grup)_6</p>	<p>▫Análise da produción dos alumnos.</p> <p>* Monografía.</p>

<p>RE4.3.1 Coñece e respecta os rasgos da vida monástica. Identifica a súa influencia na organización social e a vida laboral.</p>		x	x	<p>O especificado na rúbrica RE_R1ºBACH_CAA_PA_5</p>	<p>▫ Observación sistemática.</p> <p>* Rexistro nunha ficha.</p>
--	--	---	---	--	--

13. 4.6 Concreción para 2º Bacharelato.

SEGUNDO DE BACHARELATO					
ESTÁNDARES	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
RE1.1.1 Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación “home e muller os creou”.		x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CCL_EO_1	▫Proc: Análise da produción dos alumnos.

RE 1.2.1 Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenrolo e o final da vida.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R 2ºBACH _CCL_EE_2	<ul style="list-style-type: none"> ▫Proc: Intercambios orais cos alumnos. * Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
RE1.2.2 Posúe argumentos para defender ou dar razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase.	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CSC_RD (traballo grup)_6	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Cuestionario. * Cuestionarios.
RE2.1.1 Descubre e valora o sentido humanizador que ten o traballo.	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH _CCL_CO_3	<ul style="list-style-type: none"> ▫Observación sistemática. * Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.

RE2.2.1 Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CSC_RD (traballo grup)_6	▫Análise da produción dos alumnos. * Producción oral.
RE3.1.1 Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CAA_PA_5	▫Análise da produción dos alumnos. * Xogos de simulación e dramáticos.
RE3.3.1 Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.	x		x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CAA_PA_5	▫Probas específicas. * Exposición dun tema.

RE4.1.1 Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendiu con radicalidade ao ser humano e xustifica a elección realizada.		x	x	O especificado na rúbrica RE_R2°BACH_CCL_CE_4	▫Probas específicas. * Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos escolla, sinale ou complete con termos pareados.
RE4.2.1 Selecciona obras de arte, investiga sobor do autor e descubre o seu sentido relixioso. Elabora un material creativo que permite coñecer a eses artistas.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R2°BACH_CSC_RD (traballo grup)_6	▫Análise da produción dos alumnos. * Monografía.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Están contempladas no artigo 11 do Decreto onde di *A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e*

participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A metodoloxía cooperativa é unha metodoloxía que permite ao alumnado sentirse activo, formar parte dun equipo, e ter unha escola inclusiva e non selectiva. Se o alumnado está activo, está a facer cousas, estamos poñendo medios conducentes a reducir as condutas disruptivas e estamos a evitar que se propague esa conduta a outros alumnos ou alumnas, é dicir, se o alumno ou alumna non se aburre é máis doado que se comporte correctamente.

A metodoloxía empregada parte do estándar de aprendizaxe (EA) o que nos vai permitir traballar por competencias, facer actividades de aprendizaxe integradas que traballen EA de diferentes bloques e avanzar no currículo.

Concretamente na materia de Relixión Católica *as tarefas do profesor/a* serán:

- Informar e expoñer con antelación a un exercicio comunicando o material necesario para a súa elaboración.
- Presentar o tema ou o asunto sobre o que vai desenvolverse a sesión do día.
- Ilustrar mostrando suficiente material visual para complementar o discurso teórico. As imaxes serán tanto as existentes nos arquivos dixitais dispoñibles na rede como as solucións aportadas polo alumnado en cursos anteriores. Explicar: definirase claramente a natureza dos exercicios, qué facemos, para qué o facemos, a qué cuestións temos que dar resposta, qué procedementos empregaremos, cales son os materiais máis axeitados para cada proposta e cómo traballaremos (individualmente, en grupo pequeno, en gran grupo...). Cando sexa necesario serán os propios alumnos os que corrixan publicamente os exercicios.
- Orientar: daranse pautas individualizadas para que cada alumno/a obteña o mellor resultado posible .
- Avaliar/ autoavaliarse: segundo as rúbricas axeitadas. Tralos resultados, faremos unha análise da metodoloxía empregada, unha autocrítica e unha crítica por parte do alumnado.

Serán tarefas do alumnado:

- Custodiar o material que lle proporciona o centro para o uso das novas tecnoloxías.
- escoitar e mirar con atención as explicacións.
- Non perturbar o normal desenvolvemento da clase.
- Participar e colaborar en crear un clima propicio para o aprendizaxe.
- Preguntar ordenadamente para solucionar dúbidas.
- Atender e respectar as dúbidas e opinións dos compañeiros/as.

- Buscar e aportar ideas e solucións ás preguntas formuladas polo profesor/a.
- Elaborar a proposta de traballo seguindo as instrucións e orientacións do profesor/a.

- Non plaxiar traballos realizados por terceiros.
- Autoavaliarse e solicitar aclaracións no caso de non comprender algunha corrección.

Ademais das publicacións en Internet, poderán expoñerse publicamente outras tarefas realizadas para disfrute e aproveitamento de toda a comunidade educativa.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

- Aula virtual e web do propio Centro.
- Materiais do repositorio Abalar.
- Fichas das carpetas de recursos do Departamento.
- Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
- Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- Comentarios de texto (especialmente para 1º e 2º Bacharelato).
- Videoteca e bibliografía da Biblioteca do Instituto.
- Exposición en paneis, murais.
- Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
- Cancións e actividades musicais.
- Xogos e dinámicas grupais.
- Presentacións en Power-Point, e outros recursos on-line.
- Exercicios de valores.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Os criterios sobre a avaliación que imos a expoñer neste apartado son os indicados pola Comisión Episcopal de Enseñanza nas resolucións seguintes:

- * RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica da Educación Secundaria Obrigatoria segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.
- * RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica para Bacharelato segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 1º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus.
2. Identificar a orixe divina da realidade.
 3. Contrastar a orixe da creación nos diferentes relatos relixiosos achega da creación.
4. Diferenciar a explicación teolóxica e científica da creación.

Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia

1. Coñecer, contrastar e apreciar os principais acontecementos da historia de Israel.
2. Sinalar e identificar os diferentes modos de comunicación que Deus usou nas distintas etapas da historia de Israel.
3. Distinguir e comparar o procedemento co que Deus se manifesta nas distintas etapas da historia de Israel.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Distinguir en Xesús os trazos da súa natureza divina e humana.
2. Identificar a natureza e finalidade dos evanxeos.
3. Coñecer e comprender o proceso de formación dos evanxeos.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia da Igrexa

1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa.
2. Recoñecer que a acción do Espírito Santo dá vida á Igrexa.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 2º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais.
2. Relaciona a condición de criatura coa orixe divina.
3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.
4. Entender o sentido e a finalidade da acción humana

Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia

1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia.
2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.
3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia.
4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica.
5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da Divinidad na revelación de Jesús.
2. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana.
3. Descubrir o carácter histórico da formulación de Credo cristián.
4. Recoñecer as verdades da fe cristina presentes no Credo.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás.
2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 3º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Recoñecer o desexo de plenitude que ten a persoa.
2. Comparar razonadamente distintas respostas fronte á finitude do ser humano

Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia

1. Descubrir que o pecado radica no rexeitamento á intervención de Deus na propia vida.
2. Distinguir a verdade revelada do ropaxe literario no relato do Xénese.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Recoñecer e apreciar que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender o mundo, a historia, a realidade, as persoas, etc.
2. Comprender que a pertencencia a Cristo conleva unha nova forma de comportarse na vida

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro con Cristo e a pertencencia á Igrexa.
2. Valorar críticamente a experiencia de plenitude que promete Cristo.
3. Identificar na cultura a riqueza e a beleza que xera a fe.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 4º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.
2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido.

Bloque 2. A revelación: Deus interveñe na historia

1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.
2. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufriente e o Mesías político

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa.
2. Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.
2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade.
3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 1º BACHARELATO

Bloque 1. ANTROPOLOGIA CRISTIANA

1. Recoñecer e respectar a necesidade de sentido no home.
2. Comparar manifestacións históricas que permitan desvelar desde sempre o sentido relixioso do ser humano.
3. Dar razón da raíz divina da dignidade humana.
4. Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido

Bloque 2. DOCTRINA SOCIAL DA IGREXA

1. Coñecer e valorar o contexto en que nace e o ensino da doutrina social da Igrexa.
2. Identificar a dignidade humana como clave para unha convivencia xusta entre os homes, diferenciándoa dos recoñecementos que o Estado realiza a través das leis.
3. Coñecer e aplicar os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa a diversos contextos

Bloque 3. RELACION ENTRE A RAZON , A CIENCIA E A FE

1. Coñecer e distinguir os diferentes métodos utilizados pola persoa para coñecer a verdade.
2. Coñecer e aceptar con respecto os momentos históricos de conflito entre a ciencia e a fe, sabendo dar razóns xustificadas da actuación da Igrexa.
3. Ser consciente da necesidade de relación entre ciencia e ética para que exista verdadeiro progreso humano

Bloque 4. A IGREXA XERADORA DE CULTURA OA LONGO DA HISTORIA

1. .Coñecer e comparar diferentes acepciones do término cultura.
2. Ser consciente que a persoa é xeradora de cultura.
3. Caer na conta do cambio que o monacato introduce na configuración do tempo e o traballo

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 2º BACHARELATO

Bloque 1. ANTROPOLOGIA CRISTIANA

1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade.
2. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto de a vida.

Bloque 2. DOCTRINA SOCIAL DA IGREXA

1. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida.
2. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.

Bloque 3. RELACION ENTRE A RAZON , A CIENCIA E A FE

1. Recoñecer o valor social das achegas realizadas por investigadores cristiáns.

Bloque 4. A IGREXA XERADORA DE CULTURA OA LONGO DA HISTORIA

1. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos.
2. Comprender que algunhas creacións culturais son a expresión da fe

Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado

Eses criterios de avaliación propostos pola Comisión Episcopal de Enseñanza desenvólvense nos estándares de aprendizaxe de xeito que un alumno aprobará esta materia cando obteña o grao mínimo segundo ás rúbricas do apartado dous desta Programación onde se expresan os perfís competenciais. Tamén pode observarse nesas rúbricas a diferente puntuación que entre cero e dez adquire o alumno segundo a graduación da rúbrica.

Polo tanto, se un alumno acada unha cualificación igual ou superior a cinco terá aprobada a materia. No caso contrario, deberá recuperala do xeito seguinte:

- > Se suspende a primeira avaliación deberá presentar as súas producións na segunda avaliación. Se a autoría do alumno está garantida, e acada os estándares de aprendizaxe, a súa cualificación será dun cinco.
- > Se suspende a primeira e/ou a segunda avaliación deberá presentar as súas producións na terceira avaliación. Se a autoría do alumno está garantida e acada os estándares de aprendizaxe a súa cualificación será dun cinco.
 - > Se suspende a avaliación ordinaria de xuño, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro
 - > A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

En canto á promoción do alumnado este departamento seguirá en todo momento a normativa e os criterios acordados no centro.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para revisar o desenvolvemento da programación fixándonos nos aspectos metodolóxicos, na idoneidade dos materiais e recursos e, loxicamente, en todo proceso de aprendizaxe, faremos un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas nas actas da reunión de Departamento e na memoria final de curso nunha táboa como a seguinte:

Lenda: 1 – pouco/nunca 2 – poucas veces 3 – case sempre 4 –
moito/sempre

Proxectando	1	2	3	4
1. A programación é clara				
2. Cumplíuse o programado para o trimestre				
3. É necesario alguna modificación na programación				
Desenvolvemento				
1. Introduzo cada novo exercicio e presento o plan de traballo explicando a súa finalidade				
2. Informo ao alumnado de cómo avalío cada exercicio				
3. Pido o material necesario para cada proposta con antelación suficiente				
Avaliación				
1. Os resultados axústanse á dinámica da clase				
2. O alumnado entende cómo avalío				
3. Flexibilizo os criterios de cualificación recollidos na programación				

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A) Se un alumno ten pendente a Relixión Católica do curso anterior e segue cursándoa, valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando o grao mínimo a acadar nos estándares de aprendizaxe co rendemento no actual curso. Esa valoración será mediante as rúbricas establecidas no desenvolvemento das clases habituais. Se o alumno non acadara o grao mínimo ao longo do curso poderá optar por realizar unha proba escrita para pendentes no mes de setembro segundo as datas establecidas polo centro.

B) No caso de que o alumno non siga cursando a materia de Relixión realizará, coincidindo coa primeira avaliación, unha proba axeitada o grao mínimo que debe acadar. Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

En calquera caso os plans para a superación e a avaliación serán coas rúbricas propias do nivel que lle quedou pendente ao alumno.

10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

O alumnado de 2º de Bacharelato en Relixión Católica que non tivera cursado esta materia en 1º Bacharelato deberá presentar durante o primeiro trimestre un blog ou portofolio onde irán reflectindo: a) A súa capacidade de comprensión dun texto bíblico, b) A presentación dun tema escollido ao chou para verificar a destreza de presentar información, c) A redacción dun ensaio (cuxa lonxitude sexa equivalente á de un folio por unha carilla) para valorar a capacidade de expresión escrita, a habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias bibliográficas e a súa avaliación crítica de ideas.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Nesta materia de Relixión Católica non é precisa, en xeral, ningunha avaliación ao inicio de curso posto que o alumnado que elixe voluntariamente a materia acada ao rematar o curso escolar os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo e posúe as competencias precisas para o curso que se inicia.

Aínda así pode ser necesario, nalgún caso de alumnado que procede doutros centros ou da Primaria, diagnosticar a situación de partida para detectar os casos nos que haxa que aplicar medidas de atención á diversidade.

Nese caso realizarase unha proba específica a principio de curso, preferentemente na primeira semana de outubro, que consistirá en probas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. A proba terá un carácter informativo e non terá validez para a avaliación e cualificación de final de curso.

Modelo de proba inicial para alumnos procedentes de Primaria ou susceptibles de medidas de atención á diversidade:

1. Di o nome das cinco relixións máis importantes que hai no mundo na actualidade.
2. Pon unha característica da vida de Xesús de Nazaret que máis te chamou a atención cando cha contaron.
3. Achégase a ti un compañeiro con un papel que pon: Mt 1, 1-5. A el parécelle unha marca de roupa pero ti sabes que é unha cita da Biblia. Explícalle que significa eso. É dicir, como se busca unha cita na Biblia.
4. Dos sete sacramentos que son: Bautismo, Confirmación, Eucaristía, Perdón ou Penitencia, Unción de enfermos, Orden Sacerdotal e Matrimonio, escribe:
 - Os que coñezas por ter asistido nalgunha igrexa a algún deles.
 - Os que ti tes recibido ou recibes actualmente.
 - Lembra o que tes estudado en cursos anteriores e contesta: **signo** que se utiliza en cada un deles (por exemplo, no bautismo se utiliza como signo, a auga) e **o significado de cada un** (por exemplo, o Orden Sacerdotal serve para que un rapaz poida ser sacerdote).

12. Medidas de atención á diversidade.

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Os elementos transversais son os descritos no artigo 4 do Decreto 86/2015. O centro decidirá en cada nivel que elemento transversal vai ser traballado de forma coordinada, como se fora un proxecto multidisciplinar, dende diferentes materias.

Evidentemente o elemento transversal a traballar é algo que se decide antes do inicio de curso a nivel de centro, e debe ser aprobado en claustro. Unha vez aprobado en claustro, son os diferentes profesores e profesoras de cada nivel os que teñen que planificar esa actividade coordinados pola persoa que designe a xefatura de estudos.

A biblioteca escolar, como elemento central da vida do centro, ten que ser aproveitada e vinculada coas actividades que se desenvolven en cada nivel para traballar o elemento transversal acordado polo claustro.

Nas datas de elaboración desta Programación non se ten aprobado en claustro ningún elemento transversal a traballar coordinadamente dende as distintas materias.

14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.

Debido o Covid19 non hai actividades extraescolares no centro seguiremos os protocolos do centro.

		Trae o material				
		Realiza os exercicios na clase				
		É autor/a dos traballos que presenta				
		Preguntando non entende				
		Fala a deste mpo e molesta aos compañeiros/as				
ANÁLISE DA PROGRAMACIÓN	Elemento	Cúmprese	Motivo polo que non se cumpríu			

	SI	NON	
Contidos			
Metodoloxía			
Recursos e materiais			
Instrumentos de avaliación			
Criterios de cualificación			

MODIFICACIÓNS	Elemento	Replanteamento
	Contidos	
	Metodoloxía	
	Recursos e materiais	
	Instrumentos de avaliación	
	Criterios de cualificación	

16. Outros apartados a cumprimentar de cara aos plans e proxectos de centro:

14. 16.1. Accións de contribución ao plan de convivencia.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de Relixión Católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove que contribúen ao desenvolvemento do pensamento diverxente e así, ofrecendo múltiples solucións a un único problema, axuda ao alumnado a que, fronte a opinións e producións alleas, vaia desenvolvendo, pouco a pouco, actitudes de empatía, respecto, comprensión e solidariedade.

En todo momento este departamento de Relixión seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías participando activamente no plan de Titoría entre Iguais que se desenvolve este curso no centro.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza e a solidariedade. escoitar con calma e tolerancia as preguntas e opinións dos compañeiros/as axudará a tomar conciencia de que actitudes disruptivas e insolidarias prexudican a todos. Traballar en grupo aportando pareceres, compartindo medios materiais e inmateriais amosará unha visión do que implica ser sociedade democrática e como comportamentos individuais repercuten positiva ou negativamente no traballo colectivo.

Na aula de Relixión é onde se debe medrar máis que en ningunha outra materia nun clima de convivencia real afastado de egoísmos e actitudes insolidarias. A interiorización de normas da Relixión contribúe a que o centro sexa espello dos mellores valores do seu alumnado.

As accións:

- ~ Asistencia puntual e diaria ás clases.
- ~ Colaboración activa no proxecto de Titoría entre Iguais.
- ~ Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.
- ~ Respecto para as persoas que teñen crenzas distintas.
- ~ Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
- ~ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- ~ Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
- ~ Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- ~ escoitar para entender.
- ~ Compartir cos demais.
- ~ Respecto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
- ~ Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
- ~ Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.

15. 16.2. Accións de contribución ao proxecto lector.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2016-2017 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca.

De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

- √ Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.
- √ Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.
- √ Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.
- √ Os exemplares da Biblia e demais libros que se usen serán do Departamento de Relixión ou da Biblioteca do Centro polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

16. 16.3. Accións de contribución ao plan TIC.

Dado que está implementado o ProxectoE-dixgal en 1º ESO e 2º ESO faremos unha procura axeitada dos recursos que tal Proxecto nos brinda. Nos outros niveis seguiremos actuando tal como os cursos anteriores porque o Centro proporciónalle a este Departamento os medios multimedia necesarios tanto no desdobre 6 como na Biblioteca pois conta con medios adecuados para este fin.

Desde as clases de Relixión contribuimos ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan. Como mínimo farán uso dun procesador de textos.
- Creación de canles de comunicación con outros alumnos de Relixión doutros centros da mesma localidade e outras.
- Blogs de aula coa participación activa do alumnado. Presentación dos contidos de xeito atractivo e novedoso desde os blogs da materia de Relixión.
- Uso da Aula virtual do centro.
- Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.
- En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.
- Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.

17. 16.4. Accións e medidas para confinamento neste curso.

- Os grupos de 1º e 2º da Eso seguirán a materia no Edixgal, axustarase os contidos para que non se sobrecarguen dando preferencia a que cumran as demais materias. Exisirase a comunicación co profesor mediante esta plataforma e deberán demostrar mediante algún comentario que han participado ou visto o material que se colga para facer algún tipo de valoración.
- Os grupos de 3º e 4º da Eso e por conseguinte tamén de Bacharelato deberán facer uso da Aula Virtual do centro e estalecerán así comunicación co profesor que imparte eses cursos.
- Os contidos que se suban na Aula Virtual serán preferiblemente de contido dinámico

sinxelo e máis divertido para que poidan aceptar o contido.

- Evitaranse as videoconferencias explicativas de contido porque dende o departamento damos prioridades as demais materias.
- As plataformas de Edixgal e Aula Virtual do centro son ideais para manter un contacto cos alumnos e para xulgar se os alumnos fan as tarefas.
- As avaliacións sempre terán un carácter positivo igual que sucederá no confinamento, valorarase o interese e entrega de tarefas e comentarios ao profesor para que vexa que o alumno ten interese.
- Evidentemente a competencia Lingüística vai verse máis limitada. Pero valorarase moi positivamente todo o tempo que se poida permanecer nas aulas.
- Os contidos da 3º Avaliación non foron dados o curso pasado e tratarase de integrar algún no primeiro trimestre sempre e cando as circunstancias o permitan. Trataremos de axustarnos a programación por trimestre e tomando alguna referencia dalgún contido importante da 3º evaluación do curso anterior.